



De conformidade con disposto na base II da Resolución do 27 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nas categorías de **Titulado/a Superior en Bioloxía** (grupo I, categoría 10), **Técnico/a especialista en Informática** (grupo III, categoría 91) e **Auxiliar Administrativo** (grupo IV, categoría 1) do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) – **25ª convocatoria**-, faise público o contido da **PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA REQUERIDA**, xunto coas **respostas correctas**:





PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA

1) Eu, se tivese cartos _____ moi claro a que lugar iría de vacacións.

- a.
- b. tivera
- c. **tería**
- d. teña

2) Envíoches os documentos esta tarde para _____ mañá.

- a. **que os revises**
- b. que os revisarás
- c. que os vas revisar
- d. que os revisaras

3) E como _____ iso? m Pois só tes que _____ a ese botón. Vai _____.

- a. vai/dar/con cable.
- b. **funciona/darlle/con pilas**
- c. serve/empuxar/con enerxía
- d. se usa/xirar/con pilas

4) Naquela época necesitaba alguén que _____ do galego ao inglés e apareceu Jennifer.

- a. traduza
- b. traduciría
- c. traducía
- d. **traducise**

5) Bo día. Quería un GPS que _____ un mapa de toda Europa. Vino onte nese escaparate.

- a. **ten**
- b. vai ter
- c. teña
- d. tería



6) O pasado xoves Mario quedou con nós para cear, pero nin apareceu nin nos chamou para avisar. Ao día seguinte, descubrimos que fora ao cinema con Ana. É un _____ .

- a. incompetente
- b. impaciente
- c. **impresentable**
- d. desordenado

7) Creo que podías colaborar máis coas tarefas da casa. Pero, _____ Se xa fago eu a maior parte.

- a. síntoo!
- b. **que dis!**
- c. que farto!
- d. ao final!

8) A catedral, _____ se iniciou en 1255, é un dos edificios máis pintorescos da cidade.

- a. que a súa construción
- b. **cuxa construción**
- c. coa construción
- d. porque a construción

9) Eu _____ que Ourense me ía gustar, pero é que _____ .

- a. penso / me alucinou
- b. **pensaba / me alucinou**
- c. penso / alucíname
- e. pensara / me alucinar

10) Xa sei que quedaches sen traballo, pero non é a fin do mundo. _____ pode ser unha grande oportunidade para ti. m Se ti o dis... Igual tes razón.

- a. O que pasa é que
- b. Non obstante
- c. **De feito**
- d. No lugar



11) Como que vaiamos á casa? Eu non me movo de aquí ata que non me _____ unha explicación!

- a. daren
- b. dan
- c. **dean**
- d. desen

12) Encantárame _____ só. Non quero perder a miña independencia.

- a. volver estar
- b. **seguir vivindo**
- c. sentirme
- d. botar de menos

13) _____ as persoas que falan todo o tempo e non saben escoitar os demais.

- a. Son de nervios
- b. Irrítame
- c. **Póñenme nerviosa**
- d. Póñenme nerviosas

14) Ana non puido axudarnos a rematar o proxecto. Non é que non _____, non o fixo porque quedara co seu mozo.

- a. puidera
- b. poida
- c. podía
- d. **puidese**

15) Non sei como puidiches _____. É _____.

- a. **mercalo/feísimo**
- b. compralo/óptimo
- c. regalarlla/moi bonita
- d. darma/excepcional



16) Fuches o sábado ao concerto? Pois pensaba ir, pero xusto cando _____ da casa chamaron os meus tíos para dicirme que viñan cear aquí.

- a. saíra
- b. saía
- c. cheguei
- d. chegaba

17) Preciso dun tecido azul _____ o disfrace de Entroido a Xoel.

- a. co que fago
- b. para mercar
- c. sobre o que facer
- d. para facerlle

18) O piloto pediulles aos pasaxeiros que _____ un pouco de paciencia polo atraso do voo.

- a. tivesen
- b. tiñan
- c. teñan
- d. tiveran

19) Estou farto de que todos _____ de min.

- a. rin
- b. se burlen
- c. falan mal
- d. búrlense

20) Helena tivo unha forte depresión e tivo que someterse a un tratamento psicolóxico. _____ a súa vida mudou moito.

- a. Ata ese día
- b. Daquela
- c. A partir de entón
- d. A esas alturas



21) Lémbreste de todo _____ nos dixo o profesor na clase de onte?

- a. o que
- b. que
- c. do que
- d. o cal

22) Esta ponte, _____ no século XII polos romanos, ten 38 metros de altitude.

- a. está construída
- b. está edificada
- c. construída
- d. construíron

23) Viches onte _____ ? Pois non. Creo que marchou antes de que eu _____ .

- a. a Carlos / chegara
- b. Carlos / chegara
- c. Carlos / chegase
- d. a Carlos / chegase

24) Non sei como pasou, pero estaba servindo o café e boteino todo enriba da mesa. Por sorte ninguén se queimou. _____

- a. Entón
- b. Menos mal
- c. A esas alturas
- d. Xusto a tempo

25) Díxome un amigo que van prohibir que os coches circulen polo centro. _____
porque eu non oín nada sobre iso.

- a. É posible que sexa verdade
- b. Iso seguro
- c. Dubido que sexa verdade
- d. Considero que é verdade



26) Non é que non me guste a nova profesora. _____ xa estaba acostumado á outra.

- a. En consecuencia,
- b. **O que pasa é que**
- c. Inclusive
- d. Polo tanto,

27) Sonia, ultimamente chegas sempre tarde. _____ chego tarde? Eu _____ .

- a. Se/non penso
- b. Como/non sei
- c. **Que/non diría iso**
- d. Que/non o faría

28) Un estudo reflicte a mudanza na mentalidade respecto da reciclaxe. _____ achega cifras sobre a cantidade de residuos xerados no último ano en todo o país.

- a. Citado estudo
- b. Dito estudo
- c. Citado o estudo
- d. **O dito estudo**

29) Pois agora _____ millonario se _____ os cartos no negocio que che _____ eu daquela.

- a. sería / meteses / propuxeras
- b. **serías / investises / propuxen**
- c. estaría / investise / propuxen
- d. seres / meteras / propuxen

30) A ti pareceche ben que o teu irmán _____ que facer todo o traballo?

- a. tivo de
- b. **teña**
- c. tendo
- d. tivera



31) Rosa, _____ un pouco? Non _____ traballar _____ que chegaches.

- a. queres descansar/paraches a/desde
- b. por que non traballas/deixaches de/dende
- c. **por que non descansas/deixaches de/dende**
- d. prefires descansar/remataches de/desde

32) Soubéchelo? O xefe quere que traballemos máis horas para rematar o proxecto dentro do prazo. - Pois a min non me parece mal, _____ nos paguen esas horas.

- a. **sempre e cando**
- b. só se
- c. a condición de
- d. tendo en conta

33) O problema da contaminación non _____ mentres non _____ moitos dos nosos hábitos.

- a. **se solucionará / cambiemos**
- b. se solucionou / cambiamos
- c. vaise solucionar / cambiarmos
- d. soluciónase / cambiamos

34) Sabes _____ é un abano? Si, é _____ te ventilas cando vai calor.

- a. **que/un obxecto co que**
- b. o que/algo que
- c. que/un utensilio con que
- d. como/algo co

35) A pesar de _____ moito diñeiro, os Almeida _____ sempre con moita austeridade.

- a. teren / viviren
- b. tiveren / viviran
- c. que teñen / viviren
- d. **que tivesen / viviron**



36) O goberno aprobará pronto a nova lei para a conciliación laboral. _____ , os empresarios _____ máis remedio que implantala nas súas empresas.

- a. De feito / non terían
- b. Ademais / non teñen
- c. Así, /non terán
- d. Asemade, / non van ter

37) O can que me regalaron non está contento no piso e ademais dá moito traballo. _____ poñería un anuncio no xornal _____ .

- a. Pois eu/ofrecendo
- b. Recomendóche que/ofrecéndoo
- c. Eu de ti/ofrecéndoo
- d. Eu, no teu lugar/ofrecendo

38) A tenda funciona durante todo o ano, _____ non pecha por vacacións.

- a. polo que
- b. porque
- c. ademais
- d. é dicir

39) No anuncio dicía que buscan persoas que _____ actualmente en Lugo.

- a. residían
- b. residiron
- c. residiran
- d. residen

40) Que che pasa? Estás enfadado por algo? - É que estou farto. O ano pasado, obras na miña rúa; logo, axeitaron a fachada do edificio e máis obras; _____ agora o meu veciño decide reformar o seu piso. Non sei cando poderei descansar!

- a. en resumo
- b. total
- c. e por riba
- d. no fondo



41) Podes chamar a Nati e invítala tamén á festa? - Non o sabes? Non está _____
antonte de viaxe.

- a. **Volveu ir**
- b. Quere ir
- c. Deixou de ir
- d. Acabou de ir

42) Os candidatos _____ a unha entrevista persoal.

- a. serán contactados
- b. **serán convocados**
- c. serán admitidos
- d. publicarán

43) Soubeches _____ novo director? Pois, si. _____ volve ao seu país,
non?

- a. co/Creo que
- b. **o do/Parece que**
- c. o do/Non creo que
- d. do/É probable que

44) "Este despedimento é improcedente". O xefe de persoal _____ .

- a. recoñeceu que podía ser improcedente
- b. cuestionou a improcedencia do despedimento
- c. **declarou que o despedimento era improcedente**
- d. preguntou se o despedimento procedía

45) _____ desexen optar ás prazas deberán presentar a documentación ata o
día 10.

- a. Quen
- b. **Todos aqueles que**
- c. Aquelas persoas
- d. Os cales



46) E _____ non llo dixeches ao teu xefe? Pensaba facelo hoxe, pero cando cheguei xa _____ .

- a. por que/marchou
- b. como/aínda marchaba
- c. que/marchara
- d. como aínda/marchara

47) E ti, non te vas presentar ao concurso? - Pois, non. É que é obrigatorio _____ a carreira, e eu aínda teño pendente unha materia.

- a. que rematara
- b. ter rematado
- c. ter rematada
- d. que remataches

48) Cando lle dixeron que _____ un millón de euros na lotería quedou perplexo.

- a. lle tocara
- b. lle tocou
- c. tocoulle
- d. conseguiu

49) Non falei coa directora porque cando cheguei xa _____

- a. marchara
- b. marchou
- c. fose
- d. marcharía

50) Cada ano, en canto _____ meus avós volven á cidade, xa que no campo non teñen calefacción.

- a. comece a arrefriar
- b. comeza a quentar
- c. deixa de chover
- d. comeza a arrefriar



51) –Que tal a nova proposta de traballo que che fixeron? - Pois aínda non o sei, pero, como necesito moito un traballo, penso aceptalo _____ .

- a. **aínda que paguen pouco.**
- b. mesmo que me pagan ben.
- c. se me pagasen pouco.
- d. se me pagaren ben.

52) Ao final, vas participar no proxecto de voluntariado? Pois _____ Se polo menos _____ máis tempo libre...

- a. creo que si / tiver
- b. **non cho sei / tivese**
- c. non no creo / tiña
- d. ao mellor / tería

53) Pouco despois de asumir a dirección da empresa, Vero perdeu _____ os seus amigos, _____ só pensaba no traballo.

- a. **todos /debido a que**
- b. todos / por
- c. a todos / porque
- d. a todos / debido a que

54) E onde _____ a voda logo? - Pois, _____ un pouco pequena, na igrexa da miña parroquia.

- a. ides celebrar / aínda que fose
- b. se celebra / a pesar de non ser
- c. **celebraredes / malia que sexa**
- d. celébrase / a pesar de

55) Síntoo, pero ao final mañá non _____ - E como _____ antes? Agora é tarde para buscar _____ persoa.

- a. **te podo substituír / non mo dixeches / outra**
- b. podo substituírche / non mo dixeches / a outra
- c. che podo substituír / non me dixeches / outra
- d. podo substituírte / non mo dixeches / a outra



56) Non veu á clase toda a semana. Que _____ ?

- a. estalle a pasar
- b. lle pasaba
- c. pasaralle
- d. **lle pasaría**

57) Oíches, que pasou _____ nosa proposta? Pois o de sempre, _____ en nada.

- a. ao da/quedaría
- b. **co da/quedou**
- c. na/rematou
- d. coa/concluíuse

58) Preciso dunha persoa _____ polo menos tres idiomas, á parte do galego.
_____ alguén?

- a. que saiba/ Coñecías
- b. que sabe/ Coñeces
- c. que fala/Coñecerías
- d. **que fale/Coñeces**

59) Esta ponte _____ polo anterior goberno.

- a. se fixo
- b. fíxose
- c. **foi inaugurada**
- d. realizouse

60) Sinceramente, _____ que veñan os García _____ as festas da comarca.

- a. gustaríame/para
- b. non creo en/para
- c. creo/canda
- d. **non creo/para**



Adicionais:

1) Xulia pediume que _____ o salón e que _____ a cea.

- a. recolla/xantase.
- b. fixese/preparase.
- c. axeitase/fixera.
- d. **recollese/fixese.**

2) Xan, _____ Lucía e di que _____ por alí esta tarde.

- a. chame/vaiamos
- b. chamara/pasemos
- c. **chamou/pasemos**
- d. chama/viñese

3) "Non merques ese coche". Aconselloume que non _____ .

- a. **mercase aquel coche**
- b. mercara ese coche
- c. merquei este coche
- d. podería mercar aquel coche

En Vilaxoán na data da sinatura,

Pedro Montero Vilar
Presidente da Comisión de selección